

ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

ARTÍGO 1. Normativa aplicable.

O imposto sobre actividades económicas rexeráse neste Concello:

- a) Polas súas normas reguladoras contidas nos artigos 78 e ss. da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentos que complementen e desenvolvan a dita lei.
- b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.
- c) Pola presente ordenanza fiscal.

ARTÍGO 2. Cota tributaria.

A cota tributaria será o resultado de aplicar as tarifas e as instrucións aprobadas polo Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, e polo Real Decreto Legislativo 1259/1991, de 2 de agosto, e os coeficientes de ponderación regulado no artigo 3, e, no seu caso, o de situación regulado no artigo 4, ambos os dous da presente ordenanza fiscal.

ARTÍGO 3. Coeficiente de ponderación.

De acordo co que prevé o artigo 87 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sobre as cotas municipais de tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios	Coeficiente
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto no artigo 82.1) da lei de facendas locais.

ARTÍGO 4. Coeficiente de situación.

1. Sobre as cotas municipais de tarifa, incrementadas por aplicación do coeficiente de ponderación regulado no artigo 8 desta ordenanza fiscal, aplicarase o índice que corresponda das sinaladas no cadro establecido no apartado seguinte, en función da categoría da rúa do Concello na que estea situado o local en que se exerza a actividade respectiva.

2. Establécese o seguinte cadro de coeficiente de situación:

- a) **CATEGORÍA 1.** Subpolígono industrial da zona industrial de Xubia, con fronte á Est. Castela, entre os números 802 e 820 ambos os dous inclusive. Polígonos industriais das Lagoas, A Gándara e o Río do

Índice
2,18

Pozo, e parcelas anexas onde se sitúa a molturadora para a fabricación de cemento (terreo Pedreira, lugar de Agrande- Castro).

b) CATEGORÍA 2. Resto da Est. Castela non incluída na categoría 1 **Índice**
1,97

c) CATEGORÍA 3. Resto do término municipal **Índice**
1,64

No caso de que o inmovible teña fronte a varias rúas aplicarase o coeficiente correspondente á rúa de maior categoría.

3. A aquelas actividades que tributen por cota provincial ou nacional non lles serán aplicables nin o coeficiente nin o índice de situación regulados nesta ordenanza.

ARTÍGO 5. Bonificacións.

1. Sobre a cota tributaria do imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

- a) As cooperativas, así como as unións, federacións e confederacións destas e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación prevista na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.
- b) Unha bonificación do 50 % da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento desta. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos.
- c) Bonificación do 20 % da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributa por cota municipal e que produzan enerxía a partir de instalacións de aproveitamento de enerxía renovable, sempre que non sexa a súa actividade principal e constitúa como mínimo, un 20 % do seu consumo enerxético total. Para estes efectos consideranse instalacións para aproveitamento de enerxía renovable as contempladas e definidas como tales no Plan de Fomento da Enerxía Renovable.

d) **BONIFICACIÓN POR FOMENTO DO EMPREGO:**

1.- Segundo o previsto no art. 88.2.e) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a bonificación de ata o 95 % sobre da cota tributaria do imposto a favor dos suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas de especial interese municipal, por concorrer circunstancias que poñan de manifestó a creación de emprego, naqueles supostos nos que se implante unha nova actividade económica ou empresarial, ou que supoñan unha ampliación das súas instalacións preexistentes sempre e cando tal ampliación implique a creación de emprego.

2.- Dado que a presente bonificación é análoga á prevista no art. 6 da Ordenanza Fiscal nº 6 deste Concello, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, estarase, a efectos da concesión da mesma, aos mesmos requisitos, referidos á acreditación da creación de emprego, previstos na mesma, e, xa que logo, á porcentaxe de bonificación que se acede segundo a puntuación total que, segundo o orzamento de execución das obras ou instalacións, e o número de postos de traballo creados, se outorgue á actividade económica ou empresarial aos efectos da bonificación no ICIO, e ao seu medio de solicitude e xustificación. A bonificación limitarase á cota municipal sobre do inmovible de nova construción ou

ampliación, non se extendendo a outros establecementos que teñan cota tributaria separada polo imposto do suxeito pasivo dentro do termo municipal.

3.- A solicitude da bonificación no ICIO suporá que se teña por solicitada a bonificación no Imposto sobre Actividades Económicas, polo que se estará aos requisitos de solicitude previstos no ICIO. A tramitación será conxunta, polo que non procederá solicitar a bonificación no IAE se non se ten solicitado a bonificación por fomento do emprego local prevista no ICIO.

4.- A bonificación no IAE surtirá efectos a partires do exercicio seguinte ao do remate das obras ou instalacións obxecto de bonificación no ICIO, e perdurará durante os TRES primeiros exercicios de exercicio da actividade. A mesma é simultaneable con calquera outra bonificación do IAE.

5.- O acordo de concesión da bonificación corresponderá ao Pleno da Corporación, que acordará, simultaneamente, o dereito ao seu desfrute coa tramitación da bonificación no ICIO e no IBI.

6.- Os novos postos de traballo creados que deran dereito á concesión do presente beneficio fiscal deberanse manter durante os tres períodos impositivos de duración da bonificación. De se mermar a plantilla durante o devandito período, perderase o dereito a seguir desfrutando da bonificación. A tal efecto, o suxeito pasivo deberá acreditar, a requerimento desta entidade local, os empregados existentes ao inicio da actividade e durante todo o período do beneficio fiscal. De se producir reducións de plantilla, o suxeito pasivo estará obrigado a poñelo en coñecemento desta entidade no prazo de UN MES desde que se tivese producido a redución.

7.- A perda do dereito á bonificación surtirá efectos no exercicio fiscal seguinte á súa produción.

ARTIGO 6. período impositivo e remuneración.

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, neste caso abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto percibirase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, calculándose neste suposto as cotas proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

3. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean xa establecidas por actuacións illadas, a remuneración prodúcese pola realización da cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

ARTÍGO 7. Normas de xestión do imposto.

1. É competencia do Concello a xestión tributaria deste imposto, que abrangue as funcións de concesión e denegación de exencións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos, e actuacións para a información e asistencia ao contribuínte.

2. As solicitudes para o recoñecemento de beneficios fiscais deben presentarse na administración municipal, debendo ir acompañadas da documentación acreditativa. O

acordo polo que se acceda á petición solicitada fixará o exercicio dende o que o beneficio se entendese concedido.

3. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes, a contar dende a notificación expresa ou a exposición pública dos padróns correspondentes.

4. A interposición de recursos non paraliza a acción administrativa de cobro, a menos que, dentro do prazo previsto para interpor o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe garantía suficiente.

Non obstante, en casos excepcionais, a Alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen presentación de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de presentala ou demostre fidedignamente a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.

5. O período de cobro para valores-recibo notificados colectivamente fixaranse no intre de aprobar o padrón de contribuíntes.

6. As liquidacións de ingreso directo serán satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento xeral de recadación, que son:

- a) Para as notificacións efectuadas na primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.
- b) Para as notificacións efectuadas na segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

7. Transcorrido o período voluntario de cobro sen ter efectuado o ingreso, abrírase a vía de constrinximento e aplicarase unha recarga do 20 por cento.

As cantidades debidas percibirán xuro de demora dende o día seguinte ao vencemento da débeda en período voluntario ata a data do seu ingreso, aplicándose o dito interese sobre a débeda tributaria excluído a recarga de constrinximento.

O tipo de xuro será o vixente no momento de finalizar o prazo de ingreso en período voluntario, fixado conforme ao disposto no artigo 58.2.b) da Lei xeral tributaria.

ARTÍGO 8. Comprobación e investigación.

Nos termos que se dispoñan polo ministro de Economía e Facenda, o Concello solicitará para si as funcións de inspección do imposto sobre actividades económicas que abrangan a comprobación e investigación, a práctica das liquidacións tributarias que no seu caso procedan e a notificación da inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos. Todo isto referido, exclusivamente, aos supostos de tributación por cota municipal.

ARTÍGO 8. Delegación de facultades.

En caso de delegación na Deputación Provincial da Coruña das facultades referidas nos artigos 9 e 10 desta ordenanza ou exclusivamente as dun deles, as normas contidas nos devanditos artigos serán aplicables ás actuacións que deba efectuar a administración delegada.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Facúltase á Alcaldía para facer as modificacións que se consideren axeitadas do ruego que se achega a esta ordenanza fiscal coa finalidade de adaptalo aos cambios que se produzan na sinalización do Concello.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os suxeitos pasivos do imposto que teñan concedido, dentro dos últimos catro anos anteriores á entrada en vigor da modificación da presente Ordenanza, pola introducción do beneficio fiscal contido no artigo 5.1.d) da mesma, terán dereito á aplicación retroactiva, no Imposto sobre Actividades Económicas, durante os tres primeiros exercicios de inicio da actividade, do beneficio fiscal establecido na mesma porcentaxe que se lles tivera recoñecido no ICIO, de se manter o dereito a aquela bonificación, e de se seguir cumprindo, durante os devanditos exercicios, os requisitos previstos no artigo 5.1.d), polo que procederá, no seu caso, a devolución de ingresos previa solicitude ao efecto do suxeito pasivo.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

RUEIRO PARA OS EFECTOS DO IAE:

TIPO VÍA	NOME VÍA	CATEGORÍA RÚA
Rúa	A Gándara	3
Lugar	Abelleiro-Casón	3
Rúa	Aceñas	3
Lugar	Agrande	3
Lugar	Agrande (finca Pedreira) parcela anexa Rio do Pozo Castro	1
Lugar	Agras, As	3
Lugar	Agualuz	3
Rúa	Alexandre Boveda	3
Rúa	Alfonso X o Sabio	3
Rúa	Altea	3
Lugar	Alto Castaño	3
Rúa	Álvaro Cunqueiro	3
Rúa	Álvaro Cunqueiro	3
Rúa	Álvaro Paradela	3
Rúa	Amalia Fraguela	3
Rúa	Amando Cotarelo	3
Rúa	Amenadás	3
Lugar	Ánimas	3
Lugar	Ansede	3
Rúa	Antonio Sanchez	3
Rúa	Araceli Fraga	3
Lugar	Area de Ocio Pedroso	3
Rúa	Areosa	3
Lugar	Areosa-San Xiao	3
Rúa	Ares	3
Rúa	Ares Gándara	3
Rúa	Arnoia	3

Rúa	Austria	3
Rúa	Aviador Piñeiro	3
Rúa	Azorín	3
Rúa	Bailén	3
Rúa	Baiona	3
Lugar	Baltar	3
Lugar	Barcía	3
Lugar	Bardás	3
Lugar	Barreiros	3
Lugar	Bazón	3
Rúa	Bélxica	3
Rúa	Benito Vicetto	3
Rúa	Bergantiños	3
Avenida	Bernardo Romero	3
Lugar	Berruga	3
Rúa	Betanzos	3
Lugar	Bidueiros- San Mateo	3
Lugar	Bidueiros-Doso	3
Lugar	Bidueiros-Pedroso	3
Rúa	Bimbieiro	3
Rúa	Bispo Argaya Goi	3
Rúa	Bispo Xelmírez	3
Rúa	Bo Xesús	3
Lugar	Borrallada-Castro	3
Lugar	Borrallada-Sedes	3
Lugar	Borreiros	3
Rúa	Bos Aires	3
Rúa	Bouza	3
Lugar	Braña, A	3
Rúa	Bretaña	3
Lugar	Bustelo	3
Rúa	Buxo	3
Rúa	C	3
Lugar	Caaveiro	3
Lugar	Cabada-Penelas	3
Rúa	Cabañas	3
Lugar	Cabrita, A	3
Rúa	Cáceres	3
Rúa	Cadaval	3
Lugar	Cádavo	3
Rúa	Calderón de la Barca	3
Lugar	Calliqueira	3
Lugar	Calvario	3
Lugar	Calvos	3
Rúa	Cambre	3
Lugar	Camiño Doimas	1

Rúa	Camiño da Fonte	3
Camiño	Camiño da Fonte do Vilar	3
Camiño	Camiño da Fraga do Vilar	3
Rúa	Camiño da Fraguíña	3
Rúa	Camiño da Praia	3
Rúa	Camiño de Toraldo	1
Camiño	Camiño do Carro	3
Camiño	Camiño do Cenzo	3
Camiño	Camiño do Corveiro	3
Camiño	Camiño do Pasadoiro	3
Camiño	Camiño do Petouzal	3
Camiño	Camiño do Picho	3
Camiño	Camiño do Quinto	3
Camiño	Camiño Rueiro do Vilar	3
Lugar	Camiño Novo	3
Rúa	Campo da Lebre	3
Lugar	Campo das Ratas- S. Mateo	3
Lugar	Campo das Ratas- Castro	3
Rúa	Cangas	3
Lugar	Canteiros	3
Rúa	Cañotas	3
Lugar	Carabuchal	3
Rúa	Carballedas- O Val	3
Lugar	Carballo	3
Rúa	Carballo Calero	3
Lugar	Carballo Furado	3
Lugar	Carballo Tosta	3
Lugar	Carballosa	3
Rúa	Cardenal Cisneros	3
Rúa	Cardenal Cisneros esq. Pontevedra	3
Rúa	Cardenal Cisneros Solana	3
Rúa	Cardenal Quiroga	3
Rúa	Carrero Blanco	3
Rúa	Carlos Casares	3
Rúa	Carlota Lestache	3
Lugar	Casanova	3
Lugar	Casal	3
Estrada	Castela	1
Estrada	Castelao	1
Rúa	Castelao- C.C. Odeón	1
Estrada	Castro	3
Lugar	Castro- Pedroso	3
Lugar	Castro da Hermida	3
Parroquia	Castro	3
Lugar	Castro Lodairo	3
Lugar	Castro Nelle	3

Lugar	Castro Sovecos	3
Rúa	Catadoiros	3
Avenida	Cataluña	2
Avenida	Cataluña- CC Odeón	1
Lugar	Catasol	3
Avenida	Cavalcanti- Río do Pozo	1
Estrada	Cedeira(Desde o cruce de Freixeiro ata R/ Río Miño)	2
Estrada	Cedeira	3
Estrada	Cedeira- As Lagoas	1
Rúa	Celso Emilio Ferreiro	3
Rúa	Cento Vinte	1
	Centro Comercial Narón	2
	Centro Comercial Odeón	1
Lugar	Cerdeiras	3
Rúa	Cerezos	3
Lugar	Cerrallón	3
Rúa	Cerrallón	3
Rúa	Cervantes	3
Rúa	Chantado	3
Lugar	Chousa	3
Rúa	Chousa da Pedra Faisca	3
Lugar	Chousas	3
Rúa	Cid	3
Lugar	Cima de Vila O Val	3
Lugar	Cimadevila	3
Rúa	Clara Campoamor	3
Lugar	Codesal	3
Lugar	Colmeote	3
Rúa	Colmeote	3
Rúa	Compostela Santa Cecilia	3
Praza	Concello	2
Rúa	Concepción Arenal	2
Avenida	Conde de Fenosa	3
Lugar	Congostras	3
Lugar	Corbal	3
Camiño	Cobas	3
Lugar	Cornide	3
Lugar	Cornido	3
Lugar	Cornido	3
Lugar	Corredoira	3
Rúa	Cortiña Grande	3
Rúa	Coruña, A	3
Lugar	Costa-Castro	3
Lugar	Costa-Doso	3
Lugar	Costeira-Pedroso	3
Lugar	Cotelo	3

Rúa	Crego Merino	3
Rúa	Cristóbal Colón	3
Lugar	Cruceiro	3
Cmño.	Cruz	3
Travesía	Cuartel Guardia Civil	3
Rúa	Cuatro Caminos	3
Lugar	Cucheiro	3
Lugar	Curro	3
Rúa	Curros Enríquez	3
Rúa	Cuxia	3
Rúa	Da Cementeira	1
Lugar	Da Feira	3
Polígono	Da Gándara	1
Avda	Das Camelias	3
Rúa	Das Cerámicas	3
Camiño	Da Fraguíña	3
Camiño	Da Gatoira	3
Camiño	Da Playa	3
Camiño	Da Seara	3
Rúa	Da Soria	3
Praza	De Tranvías	3
Estrada	Da Trincheira	3
Avenida	De la Gándara	3
Travesía	Del Estanco	3
Rúa	Deporte (do)	3
Rúa	Dez de marzo	3
Estrd.	Do Ansede	1
Praza	Do Asilo	3
Praza	Do Botánico Rodríguez Dacal	3
Praza	Do Colexio Ponte Xuvia	3
Avda	Do Ferrocarril	3
Rúa	Doimas	1
Rúa	Domirón	3
Rúa	Don Pelayo	3
Avenida	Dos Afiadores	1
Avenida	Dos Arrieiros	1
Avenida	Dos Carboeiros	1
Avenida	Dos Carpinteiros	1
Avenida	Dos Ceramistas	1
Rúa	Dos Cesteiros	1
Avenida	Dos Ferreiros	1
Rúa	Dos Mariñeiros	1
Rúa	Dos Mariscadores	1
Rúa	Dos Muiñeiros	1
Rúa	Dos Panadeiros	1
Avenida	Dos Telleiros	1

Rúa	Dos Toneleiros	1
Avenida	Dos Torneiros	1
Rúa	Dos Zoqueiros	1
Lugar	Doso- Bustelo	3
Rúa	Doutor Fleming	3
Rúa	Duque de Rivas	3
Rúa	Edreiro	3
Rúa	Eduardo Pondal	3
Lugar	Eiravedra	3
Rúa	Eire	3
Lugar	El Couto	3
Urbanización	El Couto Faisca	3
Paraxe	El Val	3
Lugar	El Val Baltar	3
Lugar	El Val Revolta	3
Rúa	Empecinado	3
Rúa	Eo	3
Parque	Eolico de Novo	3
Rúa	Escocia	3
Rúa	Escorial	3
Rúa	Espasante	3
Rúa	Espronceda	3
Rúa	Estación	3
Rúa	Estadio	3
Rúa	Estrela	3
Rúa	Eugenio López	3
Lugar	Fáisca	3
Rúa	Fajardo	3
Lugar	Faxín	3
Estda.	Feal	3
Lugar	Feira	3
Rúa	Felipe Colmenero	3
Rúa	Fene	3
Lugar	Fernande	3
Praza	Fernando Yáñez	3
Lugar	Ferrerías	3
Rúa	Ferro Couselo	3
Rúa	Ferrol	3
Estrada	Ferrol Ortigueira	3
Rúa	Ferrolana (A)	3
Rúa	Feve	3
Lugar	Figueiras	3
Rúa	Filomena Dato	3
Rúa	Finca de Permui	3
Rúa	Finca Dopico	3

Rúa	Finca Federico	3
Lugar	Finca Romero	3
Rúa	Florentino Cuevillas	3
Rúa	Fonsagrada	3
Rúa	Fonte da Cruz	3
Lugar	Fonte de Neixa	3
Lugar	Fontela	3
Rúa	Forcas	3
Fúa	Foro	3
Lugar	Forxas	3
Lugar	Foxo	3
Lugar	Fraga A	3
Rúa	Francia	3
Fúa	Francisca Herrera	3
Rúa	Francisco Añón	3
Rúa	Francisco Pizarro	3
Rúa	Francisco Quevedo	3
Rúa	Freire	3
Lugar	Freixeiro	3
Lugar	Freixido	3
Lugar	Gadoi	3
Lugar	Gaiba, A	3
Rúa	Gales	3
Praza	Galicia	2
Estrada	Gándara (Desde o nº 1 ata o Pavillón Polideportivo)	2
Estrada	Gándara	3
Lugar	Gándara	3
Lugar	Gándara-Pedroso	3
Lugar	Gándara-Sedes	3
Rúa	García Sabell	3
Rúa	Garda	3
Rúa	Garda Civil	3
Pzta.	Gasolineira	3
Lugar	Gasolinera Freixeiro	3
Rúa	General Sanjurjo	3
Rúa	General Vigon	3
Avenida	Generalísimo	2
Rúa	Gongora	3
Avda.	Gonzalo Navarro	1
Rúa	Goya	3
Lugar	Grandal	3
Rúa	Grecia	3
Rúa	Greco	3
Rúa	Hermanos Pinzón	3
Rúa	Hernan Cortes	3
Rúa	Holanda	3

Rúa	Hortiña	3
Rúa	Iglesia Alvariño	3
Rúa	Igrexa	3
Lugar	Igrexa-San Mateo	3
Lugar	Igrexa-San Xiao	3
Rúa	Illa Cortegada	3
Rúa	Illa da Creba	3
Rúa	Illa da Toxa	3
Rúa	Illa de Arousa	3
Rúa	Illa de Ons	3
Rúa	Illa de Sálvora	3
Rúa	Illa do Tambo	3
Rúa	Illa San Simón	3
Rúa	Illa San Vicente	3
Rúa	Illas Cíes	3
Rúa	Illas Sisargas	3
Rúa	Ingerto	3
Rúa	Irmandade	3
Praza	Irmáns Freire	3
Rúa	Irmáns Pita	3
Rúa	Italia	3
Avda.	Jesús Fernández Pita	1
Rúa	José Fontela Leal	3
Rúa	Josefa Losada	3
Lugar	Xuvia	3
Parroquia	Xuvia Piñeiro	3
Parroquia	Xuvia Santa Cecilia	3
Parroquia	Xuvia Santa Rita	3
Avenida	Xuvia	3
Rúa	La Gandara Colmeote	3
Rúa	Lago González	3
Rúa	Lagoa de Alcaian	1
Rúa	Lagoa de Baldaio	1
Rúa	Lagoa de Bañolas	1
Rúa	Lagoa de Bodeira	1
Rúa	Lagoa de Carregal	1
Rúa	Lagoa de Cospeito	1
Rúa	Lagoa de Doniños	1
Rúa	Lagoa de Fonmiña	1
Rúa	Lagoa da Frouxeira	1
Rúa	Lagoa de Sanabria	1
Rúa	Lagoa dos Baluros	1
Rúa	Lagoas	1
Rúa	Lagoas de Covadonga	1
Polígono	Lagoas, As	1
Lugar	Laguela	3

Rúa	Lamas Carvajal	3
Rúa	Landró	3
Lugar	Lavandeira	3
Lugar	Leiras	3
Rúa	Leiras Pulpeiro	3
Rúa	Linares Rivas	3
Lugar	Llano	3
Rúa	Lleida	3
Lugar	Lobeiro	3
Camiño	Lodairo	3
Lugar	Lodairo	3
Lugar	Longras	3
Rúa	Lope de Vega	3
Rúa	López Abente	1
Rúa	López Ferreiro	3
Rúa	Losada Diéguez	3
Lugar	Loureiros-Pedroso	3
Rúa	Lugar de Arriba	3
Rúa	Lugo	3
Rúa	Luis Amado	3
Rúa	Luis de Góngora	3
Rúa	Luis Pimentel	3
Rúa	Luis Seoane	1
Rúa	M Carmen Niebla	3
Lugar	Maciñeira	3
Avda.	Malde Vizoso	3
Rúa	Manoel Antonio	3
Rúa	Manoel de Cal	3
Rúa	Manoel Masdías	3
Rúa	Manoel Murguía	3
Rúa	Manuel Lugrís	3
Rúa	Mañón	3
Avda.	Mar	1
Rúa	Marc Valladares	3
Rúa	Marcial Calvo	3
Rúa	Marcial Valladares	3
Rúa	María Barbeito	3
Rúa	María Casares	3
Rúa	María Mariño	3
Rúa	Maria Pita	3
Rúa	María Soliña	3
Rúa	Marín	3
Rúa	Mariña Española	3
Rúa	Marqués de Figueroa	3
Lugar	Martianes	3
Rúa	Martín Códax	3

Rúa	Martínez de la Rosa	3
Lugar	Mata	3
Rúa	Médico Valero	2
Lugar	Meizoso	3
Rúa	Méndez Nuñez	3
Rúa	Mendiño	3
Lugar	Merca Narón	3
Rúa	Mercedes Freire Lago	3
Rúa	Mercedes Vieito	3
Rúa	Mestre Don Manuel	3
Rúa	Mestro Mateo	3
Avda.	Miguel de Cervantes	3
Lugar	Modia	3
Rúa	Moeche	3
Rúa	Mónaco	3
Lugar	Mosteiro	3
Rúa	Mosteiro de Caaveiro	3
Rúa	Mosteiro de Samos	3
Rúa	Mosteiro San Martiño	3
Rúa	Mugardos	3
Cmño.	Muíño	3
Lugar	Muíño do Vento	3
Rúa	Murillo	3
Rúa	Neda	3
Lugar	Neija	3
Lugar	Nelle	3
Rúa	Neves	3
Avenida	Nicasio Pérez PG Gandara	1
Rúa	Nicasio Pérez López	3
Rúa	Noriega Varela	3
Rúa	Nova	3
Lugar	Novas	3
Praza	Novo Concello	2
Lugar	O Carballo- Sedes	3
Lugar	O Cuno- S. Mateo	3
Rúa	O Grove	3
Lugar	O Val	3
Lugar	O Val- Baltar	3
Rúa	Obras Proeco	3
Rúa	Ortega y Gasset	3
Rúa	Ortigueira	3
Rúa	Otero Pedrayo	1
Rúa	Ourense	3
Lugar	Outeiro	3
Lugar	Outeiros-Val	3
Rúa	Pablo Picasso	3

Rúa	Padre Feijoo	3
Rúa	Padre Sarmiento	3
Lugar	Painzas	3
Lugar	Pallota-Pedroso	3
Rúa	Papa Xoán XXIII	3
Rúa	Paradiso	3
Rúa	Pardo Bazán	3
Rúa	Pascual Veiga	3
Rúa	Paseo da Riveira	3
Estda.	Pavillón	1
Lugar	Paxarón	3
Rúa	Paz	3
Lugar	Pazo	3
Lugar	Pedra-Pedroso	3
Lugar	Pedregal	3
Lugar	Pedreira-Sedes	3
Lugar	Pedreira-Val	3
Lugar	Pena	3
Lugar	Pena de Embade	3
Cmño.	Pena Parda	3
Lugar	Pena Parda-San Xiao	3
Lugar	Pena-San Mateo	3
Rúa	Peña Lopesa	3
Rúa	Peña Molexa	3
Cmño.	Pereg.-Aceñas	3
Lugar	Pereiro	3
Lugar	Pereiruga	3
Rúa	Pérez Arévalo	3
Rúa	Pérez Lugín	3
Rúa	Permuy	3
Rúa	Permuy- Esq. Estda. Castela	2
Lugar	Pico	3
Lugar	Picota	3
Lugar	Pielas	3
Cmño.	Pino	3
Rúa	Pintor Máximo Ramos	3
Rúa	Pintor Segura Torrella	3
Rúa	Pintor Sixto Borrás	3
Rúa	Pintor Sotomayor	3
Camiño	Piñeiro	3
Lugar	Piñeiros-Pedroso	3
Rúa	Pista Isolina	3
Lugar	Placente	3
Pavillón	Polideportivo Gandara	3
Rúa	Ponte das Cabras	3
Rúa	Ponte de Leixa	3

Rúa	Ponte Pielas	3
Rúa	Pontedeume	3
Rúa	Pontes de García Rodríguez, As	3
Rúa	Pontevedra	3
Lugar	Ponto	3
Rúa	Portonovo	3
Rúa	Portugal	3
Lugar	Pouso	3
Lugar	Pozo-Pedroso	3
Lugar	Pradedo	3
Lugar	Pradelo-Pedroso	3
Rúa	Prado Fernández	3
Lugar	Prados-San Xiao	3
Lugar	Prados-Santa Rita	3
Lugar	Prados-Sedes	3
Vivendas	Profeco	3
Rúa	Puente Jubia	3
Lugar	Quintá	3
Rúa	Rafael Bárez	3
Rúa	Rafael Dieste	3
Rúa	Ramón Cabanillas	3
Rúa	Ramón Franco	3
Lugar	Rapadoiro	3
Cmño.	Real	3
Lugar	Redondo	3
Rúa	Reis Católicos	3
Rúa	Reis Magos	3
Cmño.	Revolta	3
Lugar	Revolta-Pedroso	3
Lugar	Revolta-San Xiao	3
Lugar	Revolta-Sedes	3
Rúa	Río Baxoi	3
Rúa	Río Beelle	3
Lugar	Río Bello	3
Rúa	Río Castro	3
Lugar	Río da Lousa	3
Lugar	Río de Cortes	3
Rúa	Río Deza	3
Lugar	Río Do Couto-Pedroso	3
Rúa	Río Do Foxo	3
Rúa	Río Do Porto	3
Polígono	Río do Pozo	1
Rúa	Río Eo	3
Rúa	Río Eume	3
Rúa	Río Forcadas	3
Rúa	Río Inxerto	3

Rúa	Río Landro	3
Rúa	Río Lérez	3
Rúa	Río Mandeo	3
Rúa	Río Masma	3
Rúa	Río Mera	3
Rúa	Río Miño	3
Rúa	Río Pereiro	3
Rúa	Río Salgueiro	3
Rúa	Río Sar	3
Rúa	Río Seco	3
Rúa	Río Sil	3
Rúa	Río Sobecos	3
Rúa	Río Sor	3
Rúa	Río Ulla	3
Rúa	Río Umia	3
Rúa	Río Vespasante	3
Rúa	Río Xallas	3
Rúa	Río Xubia	3
Lugar	Rocha	3
Cmño.	Roibo	3
Rúa	Roncesvalles	3
Rúa	Rosal	3
Rúa	Rosalía de Castro	3
Lugar	Ruxida	3
Lugar	Sabín	3
Lugar	Salgueiral	3
Lugar	Salguiras	3
Lugar	Salto, O	3
Rúa	Salvador Dalí	3
Rúa	San Andrés	3
Rúa	San Antonio	3
Rúa	San Avelino	3
Rúa	San Benigno	3
Rúa	San Carlos	3
Rúa	San Lucas	3
Rúa	San Luis	3
Rúa	San Mateo	3
Rúa	San Nicolas	3
Rúa	San Pedro	3
Lugar	San Roque	3
Grupo	San Rosendo Viviendas	3
Rúa	San Sadurniño	3
Estda.	San Xiao	3
Rúa	Sanxenxo	3
Rúa	San Xoán	3
Avda.	San Xosé Obreiro	3

Rúa	San Xurxo	3
Lugar	Sabín de Arriba Sedes	3
Lugar	Sande	3
Lugar	Santa	3
Rúa	Santa Andrés	3
Avda.	Santa Icíá	3
Lugar	Santa Margarida	3
Rúa	Santa Tecla	3
Rúa	Santiago	3
Rúa	Santo Avelino	3
Rúa	Santo Tomás	3
Estrada	Sedes A Gándara	3
Lugar	Sedes Cantalarrana	3
Lugar	Sedes Narón	3
Lugar	Sequeiro	3
Lugar	Sinde	3
Lugar	Sobecos	3
Rúa	Solaina	2
Rúa	Somozas	3
Avda	Souto Vizoso (desde a Estda de Castela ata Longras)	2
Avda	Souto Vizoso	3
Lugar	Souto, O	3
Rúa	Suíza	3
Rúa	Syra Alonso	3
Rúa	Telleiras	3
Avda.	Telleiros (Dos)	1
Rúa	Teresa Bouza Vila	3
Avda.	Torneiros (Dos)	1
Cmño.	Torre	3
Rúa	Torrente Ballester	3
Lugar	Torre-Pedroso	3
Rúa	Torres As	3
Lugar	Tortos	3
Trva.	Travesía Estación	3
Rúa	Travesía Ramón Cabanillas	3
Rúa	Tres Trav. Río Seco	3
Cmño.	Trigueira	3
Rúa	Tui	3
Rúa	Urbanización do Couto	3
Urb.	Urbanización Fonte da Cruz	3
Lugar	Vacariza-Pedroso	3
Lugar	Vacariza-San Mateo	3
Rúa	Valdoviño	3
Rúa	Valle Inclán	3
Rúa	Vaqueira	3
Cmño.	Veiga	3

Lugar	Veiga, A	3
Lugar	Veiga-Val	3
Rúa	Velázquez	3
Lugar	Venta	3
Lugar	Vento-Val	3
Rúa	Vespasante	3
Lugar	Viaducto Feve	3
Lugar	Viasta Alegre	3
Lugar	Vicás, Os	3
Rúa	Vicente Risco	1
Lugar	Vidueiros	3
Lugar	Vidueiros- Pedroso	3
Rúa	Vigo	3
Rúa	Vilabella	3
Lugar	Vilacornelle	3
Rúa	Vilalba	3
Rúa	Vilar Ponte	3
Lugar	Vilar, O	3
Lugar	Vilares	3
Lugar	Vilarquinte	3
Lugar	Vilar-San Mateo	3
Lugar	Vilar-San Xiao	3
Lugar	Vilar-Val	3
Lugar	Vilasuso	3
Lugar	Villa de Prados	3
Rúa	Villadóniga	3
Lugar	Villallonte	3
Rúa	Vintecinco de Xullo	2
Praza	Vintetres de Novembro	3
Lugar	Viñas	3
Lugar	Viñas-San Mateo	3
Rúa	Virxe da O	3
Rúa	Virxe de Covadonga	3
Rúa	Virxe do Carmen	3
Rúa	Virxe do Lodairo	3
Praza	Virxe do Mar	3
Rúa	Vista Alegre	3
Urb.	Vivendas Mariña	3
Lugar	VV Profeco- Piñeiros Pzta.	3
Lugar	Vivendas Sindicais	3
Rúa	Wenceslao Fernández Flórez	3
Rúa	Xaquín Bruquetas	3
Lugar	Xiove	3
Rúa	Xoán de Cangas	3
Rúa	Xoán Pintos	3
Rúa	Xoán Viqueira	3

Rúa	Xoana Torres	3
Rúa	Zorrilla	3
Avenida	3 de abril	3
Rúa	8 de marzo	3
Rúa	25 de novembro	3